



# Sindicato de Estudiantes



**Desde o Sindicato de Estudiantes queremos mostrar o noso agradecemento ós traballadores de Navantia-Ferrol pola súa decisión de unirse á nosa manifestación, que agora tamén é súa, do 20 de novembro, en defensa do ensino público e para esixir a retirada da LOMCE e a dimisión do ministro Wert.**

A LOMCE, contra a que nos levamos mobilizando máis dun ano, pretende degradar a niveis propios do franquismo o ensino público, unha conquista fundamental para que os estudantes fillos de traballadores podamos acceder a unha educación de calidade.

Pero o ataque ó ensino público non é algo separado do resto de ataques do PP. A LOMCE forma parte do plan da dereita para demoler todos os dereitos conquistados pola loita do movemento obreiro durante décadas. En dous anos de goberno, o PP atacou a sanidade, os dereitos dos traballadores, subiu impostos..., e todo cun único obxectivo: roubar os pobres para dárllelo ós ricos (banqueiros e empresarios). Non hai cartos para a clase obreira porque hai que “rescatar” a banqueiros e demais capitalistas. Por iso tampocuo hai carga de traballo para Navantia e ameazan con destruír as condicións laborais que, coa súa loita, conquistaron os traballadores das antigas Bazán e Astano.

Wert está totalmente desprestixiado. A propia Unión Europea calificou de “lixo” as súas mentiras. É o momento de continuar loitando para forzar a retirada da LOMCE ou a dimisión de Wert, o que debilitaría ó goberno do PP, dificultándolle así outros ataques que están en marcha ou en preparación, como o plan de Navantia. **É o momento de unir forzas. O Sindicato de Estudiantes invita a todos os traballadores da comarca a que o día 20 se unan á manifestación de obreiros e estudantes, para así, TODOS XUNTOS, golpear con máis forza ó PP.**

Dende a súa fundación en 1986, o Sindicato de Estudiantes ten berrado moitas consignas nas nosas manifestacións. Pero hai unha que se berrou, se berra e se berrará sempre en todas:

**¡OBREIROS E ESTUDANTES, UNIDOS E ADIANTE!**

E berrámola porque o Sindicato de Estudiantes é unha organización de clase: somos a organización dos fillos dos traballadores. Por iso, ante a ameaza que representan, para esta comarca, a falta de carga de traballo en Navantia e o plan estratéxico anunciado para o 4 de decembro, queremos dicirlle ós traballadores do sector naval:

**CONTADES CON TODO O NOSO APOIO, ESTAMOS Á VOSA DISPOSICIÓN. O SINDICATO DE ESTUDANTES VAI ESTAR CON VÓS EN PRIMEIRA LIÑA DA LOITA EN DEFENSA DO FUTURO DA MOCIDADE DE FERROLTERRA.**